

MODIFICACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE PATROCINIO DOS EQUIPOS DE ALTA COMPETICIÓN DE GALICIA TEMPADA 2023/2024-1ª FASE

O pasado 21 de novembro de 2023, o padroado da Fundación Deporte Galego aprobou por unanimidade o Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2023/2024-1ª Fase.

A cláusula 18 do citado plan, referida á fórmula de pago, indica o seguinte en relación co pago do primeiro prazo :

“ O importe de cada convenio será abonado pola Fundación, dende a data da sinatura deste, en tres prazos:

O primeiro prazo, 8,94% do importe total, en 2023, unha vez recibida a correspondente xustificación gráfica de ter difundida a imaxe do plan a través da web/redes sociais (Anexo II) e presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriade Galicia.es/eFactura_web/, a correspondente factura emitida pola Entidade de conformidade coa Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade ao abeiro do Plan de Patrocinio dos equipos de alta competición de Galicia para a tempada 2023/2024 – 1ª fase (8,94%)”.

A data límite para presentar a documentación xustificativa (Anexo II) relativa ao primeiro prazo de xustificación e pagamento será o 15 de decembro do 2023. En caso de non ter presentada a documentación nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes ”.

A demora sufrida na tramitación do procedemento non permitiu realizar a resolución do patrocinio establecida na cláusula 14, polo que resulta imprescindible ampliar o prazo de presentación da primeira xustificación detallado na cláusula 18.

Por todo o anterior, **ACÓRDASE**

1. Ampliar o prazo da primeira xustificación ata o 22 de decembro de 2023
2. Comunicar dita ampliación a todas as entidades invitadas a formar parte do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición de Galicia Tempada 2023/2024-1ª Fase.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura,
D. Jose Ramón Lete Lasa
Presidente da Fundación Deporte Galego

